

MOCIÓN DE APOIO AO COMERCIO LOCAL

O Grupo Municipal do Partido Popular de Bueu ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e votación no Pleno da Corporación Municipal **MOCIÓN DE APOIO AO COMERCIO LOCAL** baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En base ao Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, decretouse en España o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Posteriormente, e co obxectivo de reducir o impacto do virus sobre a sociedade, ordenouse a suspensión das actividades non esenciais.

Esta situación provocou que a maior parte do comercio e hostalaría local do municipio tivese que pechar as súas portas durante este período, e que boa parte destes sectores siga sen poder traballar ao nivel de antes da pandemia. Segundo datos do mes de maio da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), as perdas no noso concello ascendían a, aproximadamente, 2.595.850 euros.

Para paliar esta situación, varios concellos da nosa contorna, como é o caso de Vilagarcía de Arousa ou Cangas do Morrazo, puxeron en marcha diferentes iniciativas para promover as compras no comercio local.

Así, en Vilagarcía de Arousa investíronse 37.500 euros, que xeraron un volume de negocio de máis de 200.000 euros (segundo datos do propio consistorio). O Concello emitiu 3.750 packs de bonos cos que mercar nos establecementos adheridos. Cada pack custaba 20 euros, mais permitía facer compras por volume de 30 (o financiamento, polo tanto, do ente municipal, era dun 33%). Aínda que as transaccións debían xerar, en consecuencia, un volumen económico de 112.500 euros, o resultado final foi de 220.000 euros aproximadamente. Debido á repercusión positiva desta medida, o goberno local da vila repetirá o programa de dinamización durante a campaña de nadal.

En Cangas do Morrazo, o Concello bonificou un 40% de cada compra e consumición que se fixera nos comercios locais e establecementos hostaleiros participantes. O orzamento do

consistorio para este proxecto foi de 100.000 euros, polo que se aseguraba un gasto de 250.000 euros que, ao final, convertéronse en 300.000 euros. Cada cliente podía ter até un máximo de 80 euros de saldo bonificado, a través dunha tarxeta-moedeiro virtual, mentres que, no caso dos establecementos, o Concello estableceu un máximo de 1.800 euros bonificados.

Esta última campaña contou coa colaboración de FECIMO, quen participou na creación e xestión da páxina web empregada, o deseño da imaxe da campaña e da cartelería, a comunicación externa... polo que, o ente xa conta con experiencia nesta cuestión.

Á vista das diversas peticións e sensibilidades económicas do comercio local de Bueu, faise necesario levar a cabo diversas medidas para apoialo en épocas tan relevantes para a súa facturación como o Nadal. Esta axuda ten que ir enfocada, sobre todo, a fomentar a compra no comercio de proximidade e evitar que, por mor da COVID-19, a compra en liña quite volume de negocio aos nosos emprendedores.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal presenta ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.– Instar o goberno local a realizar unha campaña de dinamización económica no Nadal, por valor de 50.000 euros, para financiar parte das compras dos bueueses e bueesas no comercio local.

SEGUNDO.– Instar o goberno local a chegar a un acordo con FECIMO para coordinar esta campaña de forma conxunta.